



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN PARA SOLICITAR ACTUACIÓNS URXENTES SOBRE A ILUMINACIÓN DOS PASOS DE PEÓNS NA COMARCAL 841 E NA NACIONAL 550

No concello de Teo existen pasos de peóns nas dúas estradas principais do Concello, a C 841 e a N 550. Sobre todo na primeira, e coincidindo coas concentracións urbanas de Cacheiras e Pontevea, son moi utilizados polos veciños e veciñas, a pesares de que algúns deles están colocados en zonas discutíbeiss dende o punto de vista da comodidade ou da seguridade.

Os días de pouca visibilidade, ben pola choiva ou por outros fenómenos atmosféricos, as deficiencias na seguridade dos pasos aumentan considerablemente, e son moi graves en canto cae a noite. A situación é dun risco extremo para as persoas que utilizan os pasos de peóns pois dende os automóviles os conductores e conductoras teñen moita dificultade para distinguilos.

Consideramos que esta situación merece unha actuación inmediata, independentemente das obras previstas nun medio prazo para as estradas citadas. Esta urxencia está definida polo risco real para a vida e a saúde das persoas, risco incrementado pola chegada do inverno e co lóxico empeoramento da visibilidade e da diminución das horas de luz.

Ante esta situación de risco para a integridade física das persoas

o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- 1. Realizar un estudo, elaborado por técnicos na materia, da situación dos pasos de peóns no concello de Teo, co obxecto de corrixir as posíbeis deficiencias na súa localización.**
- 2. Actuar con urxencia para iluminar ben, con farolas especificamente deseñadas para estes casos, os pasos de peóns que se consideren ben localizados e, posteriormente, o resto que determine o estudo precedente.**

En Teo, a 30 de novembro de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO